

ANUARIO BRIGANTINO

2021

N.º44



ANUARIO BRIGANTINO

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité Científico

Ángel Arcay Barral (director)

Xosé M.^a Veiga Ferreira (subdirector)

Alberto López Fernández (secretario)

Martín Almagro Gorbea

Fernando Alonso Romero

Manuel Ares Faraldo

Manuel Ma de Artaza Montero

Pablo Cancelo López

Marta Colón Alonso

Concepción Delgado Corral

Alfredo Erias Martínez

M.^a Jesús Lorenzo Modia

Carmen Manso Porto

Xosé Luís Mosquera Camba

Manuel Núñez Rodríguez

James Duran/Séamas Ó Direáim

Carlos Pereira Martínez

Antonio Raúl de Toro

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Xesús Torres Regueiro

José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):

José Antonio Fernández de Rota

Antonio Meijide Pardo

José Antonio Miguez Rodríguez

Xulio Cuns Lousa

José García Oro

Luis Monteagudo García

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Colaboradores técnicos:

Yosune Duo Suárez

Martín Fernández Maceiras

Silvia Muíño Naveira

José Luis Pariente

Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2021 n.º 44

Dos traballos asinados
responden os seus autores;
dos demais, a dirección do
ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de
orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais

Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña

Tlf. 981 77 36 93
anuariobrigantino@betanzos.net

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos. A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Está considera na categoría “C-Normal” segundo a valoración do Ministerio de Cultura e clasificada así mesmo pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades). Aparece tamén integrada nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *Centro de Información y Documentación Científica* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); DIALNET (*Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana*); RILM Abstracts of Music Literature (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (*Red de Bibliotecas Universitarias Españolas*); CARHUS Plus + 2018; RESH (*Revistas Españolas de Ciencias Sociales y Humanidades*).

Cuberta:

*Debuxo dun fragmento da fonte da
Diana Cazadora de Betanzos deseñada
por Pedro Villar.*

Contracuberta:


*Debuxo a partir fotografía de Ferrer
"Vendedoras na rúa da Porta da Vila".*

*Deseño da cuberta, composición e
maqueta: Yosune Duo Suárez.*

Depósito legal: C-680/96

ISSN: 1130-7625

Imprime: LUGAMI



ÍNDICE

* Gravados rupestres no concello de Paderne, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DETRASANCOS.....	11
* Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29» de Luis Monteagudo, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	23
* Un pequeno puñal de espigo inédito del Museo das Mariñas: sobre armas, imagen y “representación” en los inicios de la Edad del Bronce, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	33
* Nuevos elementos arqueológicos en Coirós (A Coruña), por DAVID FERNÁNDEZ ABELLA.....	41
* Ara romana de Perbes <i>Conventus Lucensis</i> , provincia Hispania Citerior, por FELIPE ARIAS VILAS e M. ^a DOLORES DOPICO CAÍNZOS.....	55
* Revisións y actualizacións del <i>corpus</i> de inscripciones romanas de Galicia (Hispania citerior), por JUAN MANUEL ABASCAL.....	59
* La Virgen de la Leche de Santa María de Conxo, por CARMEN MANSO PORTO.....	101
* Benfactores de la provincia de A Coruña: Los legados a los Establecimientos de Beneficencia Provincial (II), por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ.....	151
* Los Verederos de Betanzos 1789-1831, por ANDRÉS MOSQUERA GALÁN.....	177
* Crónica del Somatén Armado en el Partido de Betanzos (1920-1932), por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....	185
* 10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional, por JAVIER ARES ESPÍÑO.....	233
* La restauración del retrato de Carmen Echeverría-Olaverri pintado, por Víctor Morelli, por CREA Restauración S.L.....	243
* A Porta da Vila de Betanzos: a súa demolición e ensanche, por DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA.....	267

* Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945). O caso da comarca de Betanzos, por ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ e CARLOS LOZANO GONZÁLEZ.....	307
* “ <i>En las orillas del Sarela</i> ”. Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo, por RICARDO VARELA.....	321
* A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos. Análise do mergullador e do dirixible, por YOSUNE DUO SUÁREZ.....	339
* Luis Cortiñas (1900-1987). Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	357
* As obras particulares no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962), por ÁNGEL ARCAÿ BARRAL.....	453
* Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI, polo grupo PESQUEDELLAS.....	479
* ACONTECEMENTOS DO ANO.....	487
* ENTIDADES CULTURAIS.....	519
* Presentación do Anuario Brigantino 2020, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO.....	537
* Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021), por ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ.....	551
* Homenaxe a Alfredo Erías, pola REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO.....	559

10 anos do Memorial

Carlos López García-Picos:

a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional

JAVIER ARES ESPÍÑO*

No ano 2021 celebrouse o X Memorial Carlos López García-Picos. Este feito non é demasiado habitual nun entorno de festivais, ciclos e proxectos diversos ao redor de música contemporánea que non adoitan sobrevivir ata alcanzar tal número de edicións. Pero esta continuidade na celebración de eventos culturais en Betanzos non é exclusiva do Memorial de Carlos. En outono de 2021 realizábase unha homenaxe ao multidisciplinar artista, editor, escritor, pintor, debuxante, investigador, doutor e xestor cultural Alfredo Erias. E precisamente nese acto falou dunha das súas maiores contribucións, o *Anuario Brigantino*, unha publicación de investigacións que chega ata as 43 edicións (3 de elas entre 1948 e 1951, e o resto de forma continuada dende o ano 1981 ata a actualidade, xa con Erias como responsable). Ou tamén podemos citar esa edición LIII do Ciclo de Concertos Santa Cecilia, organizados pola Coral Polifónica de Betanzos, cun destacado papel do sacerdote D. Manuel López Castro.

Os xermes do Memorial

Antes de comezar a recompilación de información desta década de memoriais compre recordar algúns actos relevantes que tiveron lugar entre ese 23 de decembro de 2009 no que faleceu García-Picos e a celebración do I Memorial en outubro de 2012. O primeiro destes xermes do Memorial foi o concerto celebrado o 23 de xullo de 2010 na Aula de Cultura Xulio Cuns e que levaba por título “Os nosos compositores: homenaxe a Carlos López García-Picos”. Os intérpretes foron o Taller Atlántico Contemporáneo, formado por Luis Soto (flauta), Nazaret Canosa Ínsua (violín), David García (violín), José Antonio Folgueiras (viola), Cristina Nogueira (violonchelo) e Alfonso Morán (contrabaixo). E no programa figurou a estrea absoluta de tres obras do creador betanceiro: *Quinteto de cuerdas con flauta*, A. 126, o *Cuarteto con flauta*, A. 131 e *Interferencias nº 3*, A. 55.

* **Javier Ares Espiño** é doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Grupo Organistrum. Traballo realizado dentro do I+D+i «Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)» (PID2020-115496RB-I00I) AEI/10.13039/501100011033 e do proxecto «Estudos Históricos de Música en Galicia (ss. XI-XX)» financiado pola Xunta de Galicia dentro das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GPC) (ED431B 2021/09).

Só uns meses máis tarde tivo lugar un acto de especial simbolismo –sobre todo tendo en conta a biografía do compositor betanceiro e a súa especial conexión coa súa localidade natal– xa que o 16 de setembro de 2010 o Conservatorio Elemental de Música de Betanzos asumiu o nome de “Carlos López García-Picos”.

O terceiro xerme foi unha publicación que sentou as bases no estudo do faceta compositiva de García-Picos mediante unha catalogación sistemática de todas súas as composicións. O libro *Catálogo de Carlos López García-Picos*¹ foi presentado o 17 de xuño de 2011 na Sala Azul do Edificio Liceo de Betanzos. O acto contou coa participación de Alfredo Erias Martínez (director do Museo das Mariñas), Teresa López Ares (filla do compositor), Ramón García Vázquez (alcalde de Betanzos), María Faraldo Botana (vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña) e Francisco Díaz Pereira (concelleiro de cultura de Betanzos).



Fig. 01. Axenda cultural do Concello de Betanzos do mes de outubro de 2012.

A necesidade do Memorial

Vivimos tempos estraños, pero hai 100 anos, nese 1922 no que naceu Carlos, as cousas estaban bastante peor: viñamos dunha Primeira Guerra Mundial á que seguiu a Pandemia da Gripe do 1918 e a vida en España, en Galicia, non era sinxela. En Betanzos, Carlos comezou o seu contacto coa música, a través do seu pai e a través da Banda Municipal de Música de Betanzos. Co comezo da Guerra Civil o seu pai tivo que fuxir e logo levou á súa familia a ese destino tan frecuente na emigración betanceira: Bos Aires.

O éxito na estrea en 1956 do seu ballet *La farsa de la búsqueda*, A. 16, permitiulle a García-Picos obter unha beca da Embaixada de Francia en Arxentina para continuar a súa formación no Conservatorio Nacional de París e na Schola Cantorum. E despois, tralo seu regreso a Arxentina, sucedéronse as estreas e recoñecementos, como o Premio no Concurso Luis Gianneo polo seu *Cuarteto de cuerdas nº 1. Diálogos 5*, A. 26, a Mención do Ministerio de Cultura e Educación de Arxentina por *Diálogos 2*, A. 22, a estrea de *Ra-rá*, A. 37 no Teatro Colón de Bos Aires en 1981, con Claudio Zorini á fronte da Orquestra Filarmónica de Bos Aires, ou nese mesmo escenario a estrea de *Sindy*, A. 31 no 1976 con Mario Benzecry á batuta; esta última obra foi elixida no concurso “Tribuna

Nacional de Compositores 1979” para representar a Arxentina nos Encontros de Música Contemporánea da UNESCO.

De volta a España no ano 1984 embarcouse en proxectos de asociacionismo compositivo como a creación da Asociación Galega de Compositores, da que foi presidente durante unha longa etapa, ou da Confederación Española de Asociaciones de Compositores Sinfónicos, na que formou parte de Xunta directiva.

Pero, a pesar da relevancia de moitas das súas estreas e dos múltiples recoñecementos que as súas creacións recibiron, no ano 2012 só existían tres CDs que incluísen música de García-Picos e dúas partituras editadas². Imponíase polo tanto a necesidade de reivindicar a figura de Carlos López García-Picos e a canle escollida polo Concello de Betanzos foi a realización de concertos coa súa música e publicacións de libros, discos e partituras. A data escollida para a realización dos memoriais nos que se encadraron todos estes actos foi o outono, sempre preto dese día 19 de outubro que no ano 1922 naceu Carlos.

Ese mesmo obxectivo de reivindicación da súa figura como representante da galegitude e da vangarda musical bonaerense e galega foi o que impulsou neste ano 2022 diversos actos que se están a desenvolver para conmemorar o centenario do nacemento de García-Picos e que xa involucrou a institucións como o Consello da Cultura Galega, a Deputación Provincial da Coruña, o Grupo Organistum da Universidade de Santiago de Compostela, a orquestra Real Filharmonía de Galicia ou a Orquestra Sinfónica de Galicia.



Fig. 02. Partituras e CD García-Picos. Obra completa para quinteto de vento, Zoar Ensemble, Ed. Ouvirmos, 2018.

I Memorial Carlos López García-Picos, 2012

O I Memorial Carlos López García-Picos³ iniciouse cunha exposición adicada ao compositor e que foi comisariada por Alfredo Erias, José María Veiga e Javier Ares Espiño. A exposición tivo lugar entre os días 15 e 29 de outubro de 2012 na Sala de Exposicións do Edificio de Liceo de Betanzos.

Nesta primeira edición realizáronse tamén dous concertos, que se celebraron o 20 de outubro no Teatro-Cine Alfonsetti polo Dúo Scaramouche e o 28 de outubro na Aula de Cultura Xulio Cuns por Zoar Ensemble. O concerto do Dúo Scaramouche, formado

polos pianistas Jorge Briones e Javier Ares Espiño, incluíu a *Sonata KV 19d* de W. A. Mozart, *3 Marchas* de Marcial del Adalid, *Momento fauve*, *Op. 214* de Paulino Pereiro (estrea absoluta desta obra adicada a Margarita Viso e Juan Durán), *Invencción para 4 instrumentos de viento. Transcripción para piano a 4 manos*, *A. 12* e *6 pequenas piezas infantiles en sol menor*, *A. 57* de García-Picos e *Sonata para piano a 4 mans* de Francis Poulenc.

A agrupación Zoar Ensemble, integrada por Joan Ibáñez (frauta), Antonio Suárez (clarinete), David Villa (óboe), Álex Salgueiro (fagot) e Benxa Iglesias (trompa), interpretou un programa formado pola *Humoreseke* de Alexander von Zemlinsky, *Cinq danses profanes et sacrées* de Henri Tomasi, *The Elephant and the Clown* de Paquito d'Rivera (que foi estrea absoluta), *Canto do arrieiro*, *A. 24* e *Preludio y Tema con variaciones*, *A. 20* de García-Picos e *Scaramouche* de Darius Milhaud (nesta última obra participou tamén o saxofonista Álex Cimadevila).

II Memorial Carlos López García-Picos, 2013

O II Memorial volveu estar ao cargo do Dúo Scaramouche, que o día 10 de novembro de 2013 presentou un programa de piano só e piano a catro mans na Aula de Cultura Xulio Cuns que incluíu as seguintes obras: *O Xardín de Margarita* de Juan Durán, *Ma Mère l'Oye* de Maurice Ravel, *Marcha Fúnebre* de Marcial del Adalid, unha selección de pezas de *Cyrano de Bergerac*, *Op. 72ª* de Paulino Pereiro e a estrea absoluta de *Visiones cósmicas y un interludio*, *A. 67ª* de García-Picos (para piano só).



Fig. 03. III Memorial Carlos López García-Picos, Aula de Cultura Xulio Cuns, Betanzos, 2014.
De esquerda a dereita: Javier Cedrón, Ernesto Riobó, Javier Ares Yebra,
Ricardo Morente e Juanjo Díez Seoane.

III Memorial Carlos López García-Picos, 2014

O III Memorial estivo organizado en dous actos. O 20 de novembro de 2014 na Sala Azul do Edificio Liceo realizouse unha mesa redonda-coloquio na que participaron os compositores Juan Durán e Margarita Viso⁵ –que era a presidenta da Asociación Galega de Compositores– e o guitarrista Javier Ares Yebra. Ao día seguinte, na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto no que participaron Javier Cedrón (violín), Ernesto Riobó (violín), Ricardo Morente (viola), Juanjo Díez Seoane (violonchelo) e Javier Ares Yebra (guitarra). O programa estivo formado polas seguintes obras de García-Picos: “Selección de obras para piano”, en transcripción de Ares Yebra, *Canto Lúgubre*, A. 78 (estrea absoluta), *Requiem por Gerardo*, A. 83 (estrea absoluta), *Allegro Festivo para violonchelo*, A. 113 (estrea absoluta), *Canto elegíaco*, A. 73 e *Cuarteto de cuerdas con guitarra n° 21*, A. 121 (estrea absoluta).

IV Memorial Carlos López García-Picos, 2015

No IV Memorial mantívose o mesmo esquema de dous actos que no ano anterior. O 12 de decembro de 2015 na Sala Azul do Edificio Liceo realizouse unha mesa redonda-coloquio na que participaron o director de orquestra Maximino Zumalave, o violinista Florián Vlashi e o guitarrista Javier Ares Yebra⁶. Ao día seguinte, na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto con música de García-Picos no que Ares Yebra interpretou en transcripción para guitarra as *Invenções*, A. 1 (estrea absoluta) e o *Canto elegíaco*, A. 73, o violinista Florián Vlashi tocou a *Suite para violín solo*, A. 93 e a *Monodia para violín*, A. 94 (estrea absoluta), e o Zoar Ensemble interpretaron a *Fuga n° 1 en do menor a 3 voces*, A. 4 e *Fuga n° 3 en mi menor a 3 voces*, A. 6 (estreas absolutas), o *Scherzo para trío de cañas*, A. 17 e a *Invención para 4 instrumentos de viento*, A. 63 (estrea absoluta).

V Memorial Carlos López García-Picos, 2016

O V Memorial iniciouse coa presentación o 21 de outubro de 2016 na Sala Azul do Edificio Liceo dun libro biográfico sobre o compositor realizado por Javier Ares Espiño e que procede dunha reelaboración da tese doutoral adicada a García-Picos⁷.

Ao día seguinte na Aula de Cultura Xulio Cuns realizouse un concerto –presentado por Carlos Villanueva, catedrático de música da Universidade de Santiago de Compostela– no que Antonio Suárez Saavedra (clarinete) e Javier Ares Espiño (piano) interpretaron *Tema con variazioni pour clarinette et piano de Jean Françaix*, *Vocalise-Etude Op.151* de Olivier Messiaen (en transcripción para clarinete e piano), *Poissons d’or* (piano só) e *Première rhapsodie* de Claude Debussy, *Cantiga* de Fernando Buide e *6 pequenas piezas infantiles en sol menor*, A. 57 (piano só) e *Motivaciones 1*, A. 27 de Carlos López García-Picos (estrea absoluta). Este concerto foi gravado polo Estudo Móbil da Radio Galega, con Pablo Barreiro como técnico de son, e incorporado ao Arquivo Sonoro de Radio Galega.

VI Memorial Carlos López García-Picos, 2017

O VI Memorial organizouse en torno á publicación do disco e partitura que ese ano realizou Zoar Ensemble editada por Ouvirmos da obra completa para ventos de García-Picos. O concerto realizouse o 12 de novembro de 2017 na Aula de Cultura Xulio Cuns, levou por título «En los márgenes del pentagrama, a orillas del Plata y el Mandeo» e estaba deseñado como «unha viaxe pola vida e a obra do compositor Carlos López García-Picos, poñendo o foco na súa música para vento madeira». A agrupación Zoar Ensemble estivo formada por Joan Ibáñez (frauta), Antonio Suárez (clarinete), David Villa (óboe), Álex Salgueiro (fagot) e Pedro Pintos (trompa), e xunto a eles ocupáronse da ilustración visual e presentación Benxa Iglesias e Javier Ares Espiño⁸.

Fig. 04. Cartel do V Memorial Carlos López García-Picos, 2016.



Fig. 05. Zoar Ensemble na Aula de Cultura Xulio Cuns, Betanzos, 2017. En primeira fila e de esquerda a dereita: Álex Salgueiro, Benxa Iglesias e Antonio Suárez. En segunda fila e de esquerda a dereita: Javier Ares Espiño, David Villa, Pedro Pintos e Joan Ibáñez.

VII Memorial Carlos López García-Picos, 2018

O VII Memorial realizouse o 16 de novembro de 2018 na Aula de Cultura Xulio Cuns e consistiu na presentación dunha publicación da partitura *Dúas cancións*, editada por Dos Acordes coa colaboración do Concello de Betanzos, e a realización dun concerto para voz e piano. No acto da presentación participaron a alcaldesa María Barral, o concelleiro de cultura Andrés Hermida, o editor Javier Jurado e o encargado da revisión crítica José Antonio Cantal Mariño⁹.

MEMORIAL 1923-2003 CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

V EDICIÓN
octubre 2016

AXENDA Cultural BETANZOS

Aula de Cultura

presentación do libro
Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico
→ do que é autor **Javier Ares Espiño**

Lugar
Sala Anul. Edificio Liceo
Hora
20:00 h

venres **21**

concerto do Dúo de clarinete e piano **Saavedra-Ares**
→ con obras, algunhas delas estreas absolutas do autor betanceiro
→ presentado por **Dr. Carlos Villanueva**, Catedrático de Música da USC

Lugar
Aula de Cultura Xulio Cuns Edificio Liceo
Hora
20:00 h

sábado **22**

Concello de Betanzos




Fig. 06. Portada da partitura *Dúas cancións*. Carlos López García-Picos, Dos Acordes, 2018.

A continuación, realizouse un concerto a cargo do Grupo de solistas da Compañía Lirica de Galicia, formado por Fernando Balboa (dirección), Pilar Cabrera (Escenografía e vestuario), Teresa M^a Vázquez (soprano), Susana de Lorenzo (soprano) e Javier Ares Espiño (piano). Estes dous últimos foron os encargados da estrea absoluta de *Campo e Hoy buscarás en vano*, as *Dúas cancións* de García-Picos con letra de Antonio Machado que foron obxecto da citada publicación. O programa completouse con obras de García Abril, Mompou, Matilde Salvador, Adalid, Baldomir, Lens Viera, Gaos, Montes, Chané e Salgado; nun concerto que foi gravado polo Estudio Móbil da Radio Galega, con Miguel Anxo Novás como técnico de son, e incorporado ao Arquivo Sonoro de Radio Galega.



Fig. 07. VII Memorial Carlos López García-Picos, Aula de Cultura Xulio Cuns, Betanzos, 2018. A soprano Susana de Lorenzo acompañada ao piano por Javier Ares Espiño.

VIII Memorial Carlos López García-Picos, 2019

O 29 de novembro de 2019 celebrouse o VIII Memorial. Iniciouse cunha charla-conferencia a cargo de Zoar Ensemble ao redor da súa xira no mes de maio de 2019 en Bos Aires na que presentaron o seu traballo discográfico e de edición de partituras da obra de vento de García-Picos. A experiencia da visita a entidades como o Instituto Argentino Gallego Santiago Apostol, o Centro Galicia, a Federación de Asociacións Galegas e o Centro Betanzos da capital porteña recolleuse no traballo audiovisual *Buenos aires. Retorno a orillas del Plata*¹⁰, que foi proxectado na Aula de Cultura Xulio Cuns.

Seguidamente realizouse un concerto a cargo do Cuarteto Novecento, formado por Ildikó Oltai (violín), Irina Gruia (violín), Ioana Ciobotaru (viola) e Millán Abeledo (violonchelo), no que interpretaron o *Cuarteto de cuerdas nº 11. Cuarteto festivo, A. 85* de García-Picos e o *Cuarteto de cuerdas en sol mayor* de Marcial del Adalid Gurrea.

Fig. 08. Cartel do VIII Memorial Carlos López García-Picos, 2019.

X Memorial Carlos López García-Picos, 2021

Os actos do X Memorial foron novamente a presentación dunha publicación de partituras e un concerto. O 3 de decembro de 2021 presentouse a partitura *Cuarteto de cuerdas n° 2, A. 28 “Homenaje póstumo a Béla Bartók”* realizada pola Editorial Beroly coa participación do Concello de Betanzos¹². A continuación, o Cuarteto Novecento interpretou esa mesma obra de García-Picos e o *Cuarteto de cuerdas en fa maior* de Maurice Ravel.




Fig. 09. Portada da partitura Cuarteto de cuerdas n° 2, A. 28 “Homenaje póstumo a Béla Bartók” de Carlos López García-Picos, Grupo Beroly, 2021.

IX Memorial Carlos López García-Picos, 2020

O IX Memorial celebrouse o 4 de decembro de 2020 na Sala Azul do Edificio Liceo e foi un acto marcado pola pandemia no que se optou por limitar a actividade á presentación da publicación do *Cuarteto de cuerdas n° 11. Cuarteto festivo, A. 85* de García-Picos realizada pola Editorial Beroly coa participación do Concello de Betanzos¹¹. O acto foi retransmitido en directo por redes sociais e contou coa intervención musical da violonchelista Teresa Morales, que interpretou a obra do compositor betanceiro titulada *Canto elegíaco, A. 73 “Homenaje Póstumo a Eduardo Blanco Amor”*.

Teresa e Carlos

En todo este periplo houbo unha figura esencial que fixo posible coa súa intensa colaboración todo o descrito nas anteriores liñas: a filla de Carlos, Teresa López Ares. Ademais da súa participación nos diversos Memoriais, Teresa tamén fixo unha interesante achega ao coñecemento da dimensión humana do seu pai mediante un vibrante artigo que foi publicado no *Anuario Brigantino* e que leva por título «Carlos López García-Picos. El hombre del sombrero: lembranzas da filla»¹³.



Fig. 10. Portada do libro *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico* de Javier Ares Espiño, editado en 2016 polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos, Santiago de Compostela.

Teresa comprende como ninguén esa determinada actitude vital do seu pai forxada nunha ampla bagaxe vital: moi próximo ao ideal e moi lonxe do terreal. Nese ámbito englobouse todo o seu traballo dirixindo coros en Bos Aires e en París, e con ese código descifrase a un García-Picos que con 62 anos regresou a Galicia coa idea de contribuír ao desenvolvemento cultural na súa terra natal. Fíxoo a través das súas creacións musicais, –que escribía implacablemente e despreocupado de cando se tocarían ou cando se publicarían– e fíxoo tamén a través das ensinanzas que moitos músicos galegos tivemos a fortuna de recibir.

É, polo tanto, unha obriga –ou mellor dito, unha débeda– continuar con esa loita-pacífica cultural que Carlos emprendeu e que enlaza coa frase de Castelao recollida no seu *Sempre en Galiza*:

«A nosa galegitude provén da forteza do espírito, e aínda que carecemos de vontade ofensiva, somos inespugnables na resistencia».

NOTAS

¹Ares Espiño, Javier (2011): *Catálogo de Carlos López García-Picos*, Editado por Concello de Betanzos, Betanzos.

² *Visiones cósmicas y un Interludio en Obras para piano*. Asociación Galega de Compositores [gravación], Edicións do Cumio, CD 2, A Coruña, 1998; *Sindy en Música de compositores galegos. Presenzas e ausencias* [gravación], Orquestra dos Conservatorios de música de Galicia, dir. Maximino Zumalave, Xunta de Galicia, Santiago, febreiro 2008; *Motivaciones 1 en Antoloxía de compositores Galegos. Clarinete e piano* [gravación], Asterio Leiva (clarinete), Alejo Amoedo (piano), Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, Ed. Ouvirmos, 2011; *Interferencias para violoncello de Carlos López García* [partitura], Editorial Mater Musica, Zaragoza, 1985; *Tocata ecolóxica para piano de Carlos López García-Picos en Cuadernos de "Música en Compostela" nº VIII* [partitura], Santiago de Compostela, 1994, p. 34.

³ A información recollida nos seguintes apartados procede dos programas de man, carteis e publicacións das axendas culturais municipais de cada unha das edicións do “Memorial Carlos López García-Picos”. No caso da información sobre estreas absolutas foi realizado un cotexo coa información contida na monografía sobre o compositor betanceiro. *Vid.* Ares Espiño, Javier (2016): *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico*, Editado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela-Consellería de Cultura da Xunta de Galicia-Concello de Betanzos, Santiago de Compostela.

⁴ Esta obra formaba parte do disco *Obras para piano*. Asociación Galega de Compositores [gravación], Edicións do Cumio, CD 2, A Coruña, 1998, pero non se conservan datos de que houbera unha estrea en concerto público.

⁵ A intervención de Margarita Viso ten relación coa publicación dun artigo no *Anuario Brigantino* con idéntica temática. Viso Soto, Margarita (2014): “Desta imos presos”. A miña relación con Carlos López-García”, *Anuario Brigantino*, 37, 497-504.

⁶ Estas participacións na Mesa redonda-coloquio –así como as do ano anterior– teñen relación cos textos firmados por Maximino Zumalave, Juan Durán e Florian Vlashi que se incorporaron na seguinte publicación: Ares Yebra, Javier (2016): *Preludios atlánticos*, Centro Betanzos Ediciones, Buenos Aires.

⁷ Ares Espiño, Javier (2016): *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico*, Editado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela-Consellería de Cultura da Xunta de Galicia-Concello de Betanzos, Santiago de Compostela.

⁸ *García-Picos. Obra completa para quinteto de vento. Guións e partes* [partitura], Zoar Ensemble, Ed. Ouvirmos, 2018; *García-Picos. Obra completa para quinteto de vento* [gravación], Zoar Ensemble, Ed. Ouvirmos, 2018.

⁹ *Dúas cancións*. Carlos López García-Picos [partitura], Dos Acordes, 2018.

¹⁰ Buenos aires, Zoar Ensemble, Gravación e edición de Benjamín Iglesias <https://www.youtube.com/watch?v=S9GQAF6DqrU> [Última consulta realizada o 22/07/22].

¹¹ Cuarteto de cuerdas nº 11. Cuarteto festivo, A. 85 de Carlos López García-Picos [partitura], Grupo Beroly, 2020.

¹² *Cuarteto de cuerdas nº 2, A. 28 “Homenaje póstumo a Béla Bartók” de Carlos López García-Picos* [partitura], Grupo Beroly, 2021.

¹³ López Ares, Teresa Beatriz (2010): “Carlos López García-Picos. El hombre del sombrero: lembranzas da filla”, *Anuario Brigantino*, 33, 515-524.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato, lingua e soporte

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a anuariobrigantino@betanzos.net. Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

Autor-Autores

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras

clave que definan o contido do traballo e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa tradución ao inglés.

Texto

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples " resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureaux, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de et al.

Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberán aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo. Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre, no 12 [<http://cem.revues.org/index7132.html>]. Consulta de 10-10-2008].

Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

Obras literarias antigas

Acoleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, Etimologías, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirase o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

Bibliografía final

Monografías e obras colectivas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma. BARNAY, Sylvie (1999): Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na

súa integridade, indicarase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica. Nausicaä, Murcia.

Artigos de revistas

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». Archivo Español de Arte, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): Culture Politique des Plantagenêt. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: Romanesque Art. Problems and Monuments. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

Catálogos de exposicións

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York.

No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluíndo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Virgenes abrideras». En: Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

Teses doutorais e memorias de investigación inéditas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.

PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

Edicións de fontes e obras literarias

NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].

JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Ellies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.

Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indicárase o século, e se tampouco fose posible indicar isto, deixárase en branco indicando ó final a data da edición moderna.

Ilustracións

As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificárase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indicado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Ano). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.

Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.

Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:

APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra en

cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.

Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildefonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

Dereitos

Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

Revisión

Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de dobre cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.

O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

Corrección

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios substanciais do texto entregado.